



PRIMEIRO INFORME

Observatorio virtual de Machismo Dixital

Contexto e antecedentes



O primeiro informe do **Observatorio Stop Machitroles** (2021) pon de relevo a necesidade e a importancia de facer unha radiografía das violencias machistas dixitais no ámbito territorial do sur de Galicia.

Aínda que levamos máis dunha década facendo un uso masivo das redes sociais e somos cada vez máis “habitantes de pantalla”, **son moi escasos os datos dispoñibles sobre a prevalencia e as formas destas violencias en liña**, a nivel nacional e internacional, nesta nova xeografía dixital pública.

En 2014, o estudo europeo *Violencia de xénero contra as mulleres: unha enquisa a escala da UE* alertaba de que o **11% das mulleres europeas** (arredor de 9 millóns) fora **vítima de violencias en Internet** (por web, correo electrónico ou dispositivos móbiles). Tamén de que o **21%** a sufrira durante máis de dous anos e que un **23%** tivo que mudar de correo electrónico ou número de teléfono.

Ese mesmo ano, a Delegación do Goberno Español para a Violencia de Xénero, indicaba que un **32,5% das persoas adolescentes e mozas españolas** entre 12 e 24 anos padeceu **formas de control a través do teléfono móbil**.

No mundo, o **73% das mulleres, mozas e nenas** experimentou **abusos en liña** e “cada vez hai máis formas para silenciar e excluír ás mulleres do espazo dixital”, asegura un **informe de ONU Mulleres (2015)**.

En 2017, o informe do **European Women's Lobby** sinalaba que un **37% de mulleres feministas** recibiu ameazas sexuais a través de Internet.

En 2018, un estudo de **Amnistía Internacional** sinalaba que entre o **63 e o 83% das mulleres agredidas en liña** tivo que cambiar o seu uso das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).

Tamén en 2018, outro **estudo europeo** sinalaba que unha de cada catro mozas europeas viviu situacións de *cyberbullying* e que o **87%** de imaxes incautadas de abuso sexual a menores correspondíase con nenas.

Segundo os **datos de Speech Project (2019)**, **dous terzos das mulleres periodistas** reportan experimentar ameazas, abuso sexista, intimidación e acoso ao realizar o seu traballo.

Unha **investigación** recente **sobre 120 mulleres europarlamentarias** amosou que un **58,2%** das participantes recibira violencias en liña que, nun **46,9%**, foron ameazas de morte, violación ou agresión física contra elas ou contra os seus fillos e fillas.

Por tanto, é a nosa obriga sinalar que **as violencias dixitais** son:

- **Un fenómeno xeneralizado:** a maior parte da violencia vai dirixida contra as mulleres e a autoría é maioritariamente masculina e de carácter machista.
- **Especialmente dirixido cara as mulleres con presenza no espazo público dixital.**
- **Teñen un forte e virulento compoñente sexual** que se utiliza, de forma organizada, coa intención de crear un clima de terror sexual que serve para controlar, silenciar e someter a vida (pública e privada) das mulleres.

Primeiros resultados do Observatorio

O noso compromiso firme contra as desproporcionadas violencias machistas levounos o **23 de xuño de 2021** a abrir un observatorio específico sobre violencias dixitais na web da Cátedra Feminismos 4.0. O **Observatorio Stop Machitroles** ten o obxectivo de **realizar unha ciber-etnografía da paisaxe dixital**, a partir das denuncias anónimas de usuarias de Internet que recibiron algún tipo de agresión ou acoso machista neste espazo.

Distinguimos **tres tipos de violencia machista dixital** contra as mulleres:

1 Ataques machistas individualizados. Dirixidos a mulleres só polo feito de ser mulleres. Buscan desvalorizar, difamar e minar a reputación e os logros femininos e adoitan actuar contra xornalistas, políticas, artistas, deportistas, ou académicas.

Utilizan **fórmulas moi diversas** como o ciberacoso ou *cyberbullying*, *mansplaining*, *hatespeech*, *flaming*, *e-bile*, *doxxing*, *crackeo* de contas, acusacións falsas, suplantación de identidades ou utilización de programas espía para controlar os movementos *online* das mulleres.

Esta violencia sistemática e continuada nunha contorna de lóxica iliberal, consegue moitas veces que as mulleres se sintan nun lugar hostil e decidan abandonar o espazo público virtual.

2 Violencias sexuais dixitais. Destinadas a controlar os corpos, goce e sexualidade das mulleres, mediante: comentarios, acoso e insultos de carácter sexual e as ameazas de violación; *pornovinganza*¹ e pornografía non consentida ou distribución de imaxes íntimas sen consentimento,

¹Ese termo é cuestionado por algunhas activistas feministas (Lei Olimpia en México) pois consideran que o concepto de “vinganza” dá por suposto que elas fixeron algo malo e eles se “vingan” e iso non é así. Quizais o máis correcto é chamalo “violencia sexual dixital non consentida”.

captación *online*, rexistro e difusión de agresións sexuais a mulleres con fins de trata para a prostitución, *sextorsión*, *grooming* con menores e pornografía. En moitos casos, as persoas que perpetran esas accións proceden do ámbito próximo da muller agredida: ex parellas, familiares, compañeiros de estudos ou de traballo, veciños ou clientes.

Estes comportamentos **forman parte da “disciplina do terror sexual”**, culpando ás mulleres vítimas e sinalando pautas coactivas de comportamento moi concretas para todas as mulleres: que poden facer e que non para impedir que lles ocorra unha agresión.

3 Misoxinia virtual organizada (*manhood, manosfera ou machoesfera*).

Estratexia destinada a facer hexemónico o discurso de odio misóxico e a violencia simbólica no espazo virtual e silenciar, invisibilizar e disciplinar as retóricas das mulleres feministas na paisaxe dixital, coa conivencia das grandes empresas tecnolóxicas (*Twitter, Youtube, Facebook, TikTok, Telegram, Twitch, Google, etc.*) e das institucións públicas. É un movemento organizado internacionalmente cun obxectivo político claro: polarizar a sociedade, incorporar maior crispación no debate público e reforzar a orde política patriarcal.

A través dun patrón estrutural organizado e altamente sofisticado a nivel tecnolóxico, atacan sistematicamente servidores, sitios web e contidos, conseguen peche de contas e executan accións masivas contra discursos e perfís feministas, articulando a furia e resentimento masculino fronte aos avances en igualdade, mediante a elaboración dunha narrativa antifeminista, misóxina, pro-dereitos dos homes, inspirada na cultura da violación, nas *fake news*, na *homosocialidade* e na camaradería masculina. Políticamente, atravesa o eixe dereita-esquerda entre outros, polo que actores de ambos bloques poden coincidir neste tipo de mensaxes de carácter misóxico e reaccionario.

O fin último é controlar o relato e conseguir impoñerse universalmente na paisaxe tribal dixital. De feito, están logrando o seu obxectivo, tal e como amosa o algoritmo que Twitter lanzou durante 16 horas e que, mediante o *machine learning* (aprendizaxe automática), «aprendeu» a elaborar un discurso racista e machista extremo.

Ataque misóxino sufrido polo Observatorio

Esta última forma de **misoxinia online** estrategicamente organizada e politizada, que incluso conseguen rendibilizar economicamente, é o que **experimentamos os días 24 e 25 de xuño do 2021 dende o Observatorio**. O día despois da súa posta en marcha, recibimos un ataque masivo do ecosistema da *manoesfera* nacional co fin de boicotear esta iniciativa da Cátedra, **dende forocoches²**.

Esta anécdota non é tal, pois pódese observar o mesmo *modus operandi* en distintos feitos acontecidos nas redes sociais. A falta de datos públicos, oficiais e dispoñibles deste tipo de ataques, non debe considerarse un feito accidental e illado, senón produto dunha violencia sistémica coa conivencia, permiso e mesmo auspiciada polos propios **xigantes tecnolóxicos, os “amos de internet”**.

Os impactos políticos, sociais e culturais son graves e afectan á participación política, os dereitos da cidadanía, a liberdade de expresión e de movemento,

² Nacida en 2003, Forocoches a día de hoxe ten casi 900.000 contas ou perfis rexistrados, segundo a propia compañía. O pasado mes de novembro de 2021 tivo 6,8 millóns de usuarios únicos con casi 25 millóns de sesións abertas. Nalgunhas discusións predominan ideas propias da extrema dereita, o fascismo e de desprezo palpable respecto ás mulleres e ao feminismo: “Vox ha entrado en el foro con mucha fuerza y hasta ellos, desde el partido, ponen en Twitter a menudo referencias a Forocoches”, recoñeceu o propio CEO da web de *Forocoches*, Alejandro Marín, a ICON en 2018. Vox é o partido que gañou boa parte das enquisas internas de voto que se organizan no propio foro. Tamén nestes chats difundiron no seu momento imaxes e datos pessoais da vítima da Manada, algo que Marín tratou de cortar de raíz retirando contido e cancelando contas implicadas na difusión. Unha das facetas máis mediáticas de Forocoches son os grandes troleos que organizan as súas persoas usuarias. Mandaron mariachis (e pizzas) ás sedes do PP, do PSOE o de Podemos, sempre en momentos especialmente críticos para as respectivas formacións; conseguiron enviar músicos mexicanos á Casa Blanca para despedir a Donald Trump cando perdeu as eleccións. E decidiron triunfos televisivos, como o da gala de TVE na que se elixía ao representante español de Eurovisión, ao introducir entre eles como finalista a John Cobra e converteron en ganador do programa de Telecinco *GotTalent* a El Tekila, un concursante que non era do agrado do xurado.

así como á capacidade de xerar narrativas e espazos igualitarios, seguros e libres de violencia tamén en liña. Precísase crear un “estado dixital de dereito” (Cruz, 2021) regulado por un corpo ético alleo ás plataformas comerciais, nesta fase do “capitalismo de vixilancia” (Zuboff, 2020) que garante os dereitos democráticos de todas e todos neste novo espazo público. Temos a responsabilidade de non permitir que o mundo virtual se converta nunha *machoesfera* misóxina na que se promova e se permita a violencia contra as mulleres.

Investigación e liñas de axuda

Ante este panorama, a Cátedra de Feminismos 4.0 pretende **ser un laboratorio de ideas** (*think tank*) e una ferramenta feminista para afrontar estes desafíos. Por una banda, **creando helplines** (liñas de axuda) como o **Observatorio Stop Machitroles** para reportar, visibilizar e denunciar ante as plataformas comerciais virtuais, ante as institucións públicas e ante a sociedade este tipo de violencias machistas en liña.

Tamén, **afondando no coñecemento científico desta realidade con investigacións realizadas na Cátedra** como as de:

- [*Nesgos de xénero, Intelixencia Artificial e Algoritmos*](#) (2021)
- [*Mulleres pontevedresas na Rede II. Análise do discurso de odio e outras violencias contra mulleres xornalistas e políticas*](#) (2021)
- [*Identificación de comentarios sexistas nas redes sociais mediante técnicas de intelixencia artificial*](#) (2021)
- [*Frida – Axente conversacional feminista orientado ao diagnóstico da deterioración cognitiva*](#) (2021)
- [*Instagram: imaxinarios de xénero da mocidade. Estudo comparativo entre espazos virtuais dos campus galegos*](#) (2020)
- [*Mulleres pontevedresas na Rede. Análise do discurso, micromachismos e discursos de odio en Twitter*](#) (2020)
- [*Intelixencia artificial e xénero: bases éticas e problemas de nesgo de xénero na elaboración de algoritmos para políticas públicas e procedementos administrativo*](#) (2021)
- [*Aprendizaxe feminista corporativo*](#) (2020)
- [*Desenvolvendo desde un enfoque igualitario: asistencia dixital wikifeminista*](#) (2019) entre outros.

Por outra banda, **acompañar e seguir a senda das mulleres líderes e expertas**, como as que participaron nos workshops da Cátedra, entre elas Karina Gibert, Lorena Fernández, Nerea Luis, Amparo Alonso, Soledad Torres, Rebeca Díaz e un longo etcétera. Elas son representantes das mellores mentes do noso tempo, que están a liderar a construción dun hábitat virtual igualitario e común, fronte ao illamento en realidades dixitais non compartidas, xeradas por tendenciosos algoritmos selectivos. Constrúen un hábitat virtual seguro, xusto e libre de violencias machistas a través da análise crítica e a reflexión ética do feminismo académico.

O coñecemento debe ser a suma da ciencia e da conciencia. Nesta proposta unen o seu compromiso firme e o seu esforzo mulleres intelectuais, tecnólogas, enxeñeiras, activistas, políticas, artistas e calquera das persoas valentes que traballan para mudar o curso da historia e o futuro de todas as mulleres, pese a reaccionaria resistencia misóxina de quen segue a intoxicar a convivencia social humana, xusta e igualitaria.

Apoio a estratexias e campañas colectivas

A falta de datos oficiais e públicos incluso podería interpretarse como violencia institucional por omisión na prevención e investigación da violencia de xénero (algo sumamente grave que favorece a súa impunidade e reiteración).

O retraso legal, a falta de medidas e servizos públicos que traten especificamente as violencias machistas en liña evidencia que se precisa regulación, protocolos, formación, observatorios ou demandas de seguimento ás plataformas privadas, casos ou agresores.

Aínda que a **violencia machista dixital** *a priori* parece menos perigosa para as mulleres por non ser física, pode ser moito máis prexudicial a longo prazo, e **tamén afecta á saúde física e psicolóxica**.

Este observatorio non só quere denunciar a incidencia das violencias machistas na Rede, senón tamén ser proactivo e **impulsar estratexias colectivas e contracampañas feministas** (como o #MeToo, #Cuéntalo, #YoSiTeCreo, #NiUnaMenos) e crear produtos culturais feministas (memes, vídeos, etc., froito da creatividade, humor e retransca galega feminista) que axuden a construír o contradiscurso das mulleres no espazo público dixital.

Bibliografía

- AMNESTY INTERNATIONAL (2018): “Toxictwitter, a toxicplace for women.” *Online Violence Against Women: Research Report*. [En línea]. 2018. Disponible en <https://www.amnesty.org/en/latest/research/2018/03/online-violence-against-women-chapter-1/> [Consultado o 17/02/2020]
- APC - ASSOCIATION FOR PROGRESSIVE COMMUNICATIONS. (2015): “*End violence: Women’s rights and safety online*”. Project funded by the Dutch Ministry of Foreign Affairs (DGIS), based on a strong alliance with partners in seven countries: Bosnia and Herzegovina, Colombia, the Democratic Republic of Congo, Kenya, Mexico, Pakistan and the Philippines, 2012-2015. Disponible en <http://www.genderit.org/onlinevaw/> [Consultado o 17/12/2021]
- CRUZ, Manuel (2021): *Democracia. La última utopía*. Espasa. Madrid.
- DÍAZ-AGUADO, María José; MARTÍNEZ ARIAS, Rosario; MARTÍNEZ BABARRO, Javier (2014): *La evolución de la adolescencia española sobre la igualdad y la prevención de la violencia de género*. España: Delegación del Gobierno para la Violencia de Género. Ministerio de Sanidad, política social e igualdad. Colección 19. Centro de publicaciones, 2014.
- DONOSO-VÁZQUEZ, Trinidad; RUBIO, María José; VILÀ, Ruth (2014): “Investigando Sobre Violencias De Género 2.0.”. In: Donoso-Vázquez, Trinidad (Coord.). *Violencias de Género 2.0*. Barcelona: Kit-book, 2014.
- DÍAZ REDONDO, Rebeca; FERNÁNDEZ VILAS, Ana; VALLADARES RODRÍGUEZ, Sonia e RAMOS MERINO, Mateo (2021): *Identificación de comentarios sexistas nas redes sociais mediante técnicas de intelixencia artificial*, Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVIGO. <https://catedrafeminismos.gal/identificacion-comentarios-sexistas-redes-sociais-mediante-intelixencia-artificial/> [Consultado o 19/12/2021]
- DOCÍO FERNÁNDEZ, Laura; GARCÍA MATEO, Carmen; TORRES GUIJARRO, Soledad; CAMPBELL HERNÁNDEZ, Edward L.; e RAMÍREZ SÁNCHEZ, José M. (2021): *Frida – Axente conversacional feminista orientado ao diagnóstico da deterioración cognitiva*, Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVIGO. <https://catedrafeminismos.gal/frida-axente-conversacional-feminista-diagnostico-deterioracion-cognitiva-leve/> [Consultado o 19/12/2021]
- EUROPEAN INSTITUTE FOR GENDER EQUALITY (EIGE) (2017): *Cyber violence against women and girls*, 2017. <http://eige.europa.eu/rdc/eige-publications/cyber-violence-against-women-and-girls> [Consultado o 19/12/2021]
- EUROPEAN WOMEN’S LOBBY (2017): *#hernetherights: Mapping Online Violences Against Women and Girls in Europe*. European Women’s Lobby, 2017.
- FREENKEL, Sheera; KANT, Cecilia (2021): *Manipulados: la batalla de facebook por la dominación mundial*. Debate. Madrid.
- GÓMEZ URZAIZ, Begoña (2021): “La defensa de mujeres y minorías en Twitter: usar un candado”, en *El País*. Suplemento IDEAS, 26/12/2021.
- MARTÍNEZ ROLÁN, Xabier; PIÑEIRO OTERO, Teresa; CASTRO SOUTO, Luisa; PADILLA CASTILLO, Graciela; BARRIENTOS BÁEZ, Almudena e SÁNCHEZ VÁZQUEZ, Clara. (2021): *Mulleres pontevedresas na Rede II. Análise do discurso de odio e outras violencias contra mulleres xornalistas e políticas*. Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVIGO. <https://catedrafeminismos.gal/mulleres-pontevedresas-rede-2/> [Consultado o 19/12/2021]

- MARTÍNEZ ROLÁN, Luis Xabier e PIÑEIRO OTERO, María Teresa (2020): *Mulleres pontevedresas na Rede. Análise do discurso, micromachismos e discursos de odio en Twitter*, Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVIGO. <https://catedrafeminismos.gal/mulleres-pontevedresas-na-rede-analise-do-discurso-micromachismos-e-discurso-de-odio-en-twitter/> [Consultado o 19/12/2021]
- MARTÍNEZ, Rut (2020): *Instagram: imaxinarios de xénero da mocidade. Estudo comparativo entre espazos virtuais dos campus galegos*, Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVIGO. <https://catedrafeminismos.gal/instagram-imaxinarios-de-xenero-da-mocidade-estudo-comparativo-entre-espazos-virtuais-dos-campus-galegos/> [Consultado o 19/12/2021]
- ONU MUJERES (2015): “Según un informe de las Naciones Unidas se han de tomar medidas urgentes para combatir la violencia contra mujeres y niñas”, en *ONU Mujeres*, <https://www.unwomen.org/es/news/stories/2015/9/cyber-violence-report-press-release> [Consultado o 19/12/2021]
- PATINO, Bruno (2021): *La civilización de la memoria de pez. Pequeño tratado sobre el mercado de la atención*. Alianza. Madrid.
- PROYECTO UNA (2019): *Leia, Rihanna & Trump: De cómo el feminismo ha transformado la cultura pop y de cómo el machismo reacciona con terror*. Descontrol Barcelona.
- RICOY, Rosa; VALCÁRCEL, Patricia; SOBRINO, Itziar (2021): *Nesgos de xénero, Intelixencia Artificial e Algoritmos*, Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVIGO. <https://catedrafeminismos.gal/nesgos-xenero-intelixencia-artificial-algoritmos/> [Consultado o 19/12/2021]
- TORRES, Soledad (2020): *Aprendizaxe feminista corporativo*. Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVIGO. <https://catedrafeminismos.gal/aprendizaxe-feminista-corporativo/> [Consultado o 19/12/2021]
- TORRES GUIJARRO, Soledad; VÁZQUEZ SILVA, Iria; RODRÍGUEZ GARCÍA, Mercedes (2019): *Desenvolvendo desde un enfoque igualitario: asistencia dixital wikifeminista*, Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVIGO. <https://catedrafeminismos.gal/asistencia-dixital-wikifeminista/> [Consultado o 19/12/2021]
- VALCÁRCEL FERNÁNDEZ, Patricia; GARCÍA GESTOSO, Noemí; SOBRINO GARCÍA, Itziar; BONORINO RAMÍREZ, Pablo Raúl e FERNÁNDEZ ACEVEDO, Rafael (2020): *Intelixencia artificial e xénero: bases éticas e problemas de nesgo de xénero na elaboración de algoritmos para políticas públicas e procedementos administrativo*. Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVIGO. <https://catedrafeminismos.gal/intelixencia-artificial-e-xenero/> [Consultado o 19/12/2021]
- VERGÉS BOSCH, Núria; GIL-JUÁREZ, Adriana (2021): “Un acercamiento situado a las violencias machistas online y a las formas de contrarrestarlas”, en *Estudos Feministas*, Florianópolis, 29(3): e74588. DOI: 10.1590/1806-9584-2021v29n374588, <https://www.scielo.br/j/ref/a/bTbbyzWwQW6MdxnD9tMBDSt/> [Consultado o 15/12/2021]
- VÉLIZ, Clarisa (2021). *Privacidad es poder*. Debate. Madrid.
- VÉLIZ, Clarisa (2021): “Digitalizar es vigilar”, en *El País*, <https://elpais.com/opinion/2021-12-03/digitalizar-es-vigilar.html%20Consultado%20el%2005/12/2021> [Consultado o 05/12/2021]
- WEBB, Amy (2021): *Los nuevos gigantes*. Península. Madrid.

Glosario de termos

- **Machitroll.** Nomeamento que se lle dá aos perfiles que atacan as mulleres que opinan en Internet.
- **Creepshotter.** Persoa que toma imaxes das partes sexualizadas do corpo das mulleres e nenas sen o seu consentimento para a distribución destas en Internet.
- **Ciberviolencia de xénero.** Aquela que se comete e expande a través de medios dixitais como redes sociais, correo electrónico ou aplicacións de mensaxería móbil, e que causa danos á dignidade, a integridade e/ou a seguridade das vítimas.
- **Ciberbullyng/Ciberacosador.** Persoa que leva acabo de maneira repetitiva e reiterada accións molestas ou daniñas contra as mulleres no espazo dixital. Exemplo: mensaxes humillantes, chantaxes, ameazas.
- **Cracker.** Persoa que vulnera os sistemas de seguridade dixital para interceptar información de carácter privada para ser empregada contra as mulleres para o seu entretemento.
- **Depredador sexual (dixital).** Persoa que emprega ferramentas dixitais para a procura de mulleres sobre as cales exercer poder e control sexual, a miúdo empregando estratexias para conseguilo, coma o *doxxing* ou o *grooming*.
- **Distribuidores maliciosos.** Compañías ou persoas que empregan diferentes medios dixitais para facer propaganda que promove as violencias machistas, ás veces dirixíndose a organizacións ou mulleres feministas concretas.
- **Doxxing.** Nome que se lle da á busca sistemática de información persoal e privada sobre unha muller para ser empregada de maneira daniña contra ela, a miúdo expoñendo a información adquirida en Internet.

- **E-bile.** Nome empregado para referirse a discursos de odio vertidos nas redes sociais.
- **Groomers.** Persoas adultas que establecen relacións de abuso de poder con menores, mediante apelación á idade, influencia ou recursos, co fin de abusar sexualmente ou cometer actos de trata.
- **Hate speech.** Discurso de odio.
- **Manosfera.** Ecosistema que se atopa en Internet onde agresores se organizan para violentar ás mulleres en grupo. No noso país esta conformada por unha constelación organizada en diferentes espazos virtuais: foros, webs, chats, blogs, tiktokers, gamers, puteros, activistas pro-dereitos dos homes, artistas “del ligar”, *trolls*, *incells*, homes pola custodia compartida, *youtubers* (José Nogales, Roma Gallardo ou Sergio Candanedo a través de *Un Tío Blanco Hetero*), organización de accións sociais contra o feminismo, *bots* de Vox, Hispachan, Forocoches, activistas pro-dereitos dos homes, antifeministas, o Instituto do Diálogo Estratéxico e un longo etcétera.
- **Masculinismo.** Corrente de homes que defenden o odio ás mulleres e negan o sistema sexista mediante a defensa de “dereitos dos homes”.
- **Pornovinganza ou porno revenge.** Consiste na publicación en Internet sen consentimento de imaxes sexuais privadas coas súas parellas, ex parellas ou mulleres en xeral, co propósito de humillar e poñer en manifesto o seu poder sobre elas. Ese termo é cuestionado por algunhas activistas feministas (Lei Olimpia en México), pois consideran que o concepto de “vinganza” dá por suposto que elas fixeron algo malo e eles se “vingan”, e iso non é así. Quizais o máis correcto é chamalo “violencia sexual dixital non consentida”.
- **Recruiters.** Utilizan Internet para captar vítimas de trata.



PRIMEIRO INFORME
Xaneiro 2022

www.catedrafeminismos.gal